

**ULTIMA HORA** El jurado popular declarada a José Enrique Abuín, 'El Chicle', culpable del asesinato de Diana Quer



laopinióncoruña.es » Sociedad

f 2 t in

## A restauración do Pórtico, Alonso Montero e Amancio Prada, Premios da Cultura

Pilar Ponte Patiño, Soledad Penalta, os Monicreques de Kukas, a serie 'O sabor das margaridas' e o programa 'Galego en Londres' tamén resultan galardoados

E. Ocampo / Axencias | 27.11.2019 | 22:09

Xesús Alonso Montero, Soledad Penalta, Monicreques de Kukas, Amancio Prada, a serie de televisión *O sabor das margaridas*, Pilar Ponte Patiño, a restauración do Pórtico da Gloria e o programa *Galego en Londres* son os galardoados dos Premios da Cultura Galega 2019, segundo deu a coñecer onte a Consellería de Cultura.

Os **premiados** foron distinguidos nas modalidades de Letras, Artes Plásticas, Artes Escénicas, Música, Audiovisual, Lingua, Patrimonio Cultural e Proxección Exterior por un xurado que estivo presidido polo conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez.



O Pórtico da Gloria, na catedral de Santiago. Xoán Álvarez



Máis concretamente, a reunión do xurado, do que tamén formaron parte o **director** xeral de Políticas Culturais, Anxo Lorenzo; o vicepresidente do Consello da Cultura Galega, Xosé Manuel Núñez Seixas; a vicerreitora de Comunicación, Cultura e Servizos da USC, María del Mar Lorenzo; a académica numeraria e tesoureira da Real Academia Galega, Marilar Aleixandre; o presidente da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, Manuel Quintana; a xefa do servizo técnico-xurídico da Subdirección Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, Patricia Fernández López; a produtora audiovisual, Mamen Quintas; o exdirector do CGAI-Filmoteca de Galicia, Guillermo Escrigas; o presidente da Fundación Otero Pedrayo, Juan Saco e o presidente da Fundación RAC, Carlos Rosón, celebreuse na Biblioteca e Arquivo de Galicia, na Cidade da Cultura. Actuou como secretaria a subdirectora xeral de Xestión Económica e Recursos Humanos da Consellería de Cultura e Turismo, Cristina Fabeiro.

### Contenido para ti

- Detenido en Vigo el tercer tripulante del 'narcosubmarino'

29-11-2019
- El lotero de Pontejas achaca a un despiste que dijera que halló un boleto y no cuatro

29-11-2019